

XIV CERTAME DE TARXETAS DE NADAL CLUB NATACIÓN ARTEIXO

BASES:

1.- O presente regulamento pretende potenciar a creatividade e o compromiso dos deportistas do clube, valorando a orixinalidade e o esforzo, para a creación dunha **tarxeta de Nadal**, que será enviada a todos os colaboradores do club co galo das **festas do Nadal 2020**.

2.- A temática da tarxeta será o deporte da Natación e o Nadal, deixando total liberdade para o proceso creativo. Poderá levar texto, debuxos, fotos, collages,... tanto na portada coma na contraportada. No interior o autor felicitará o Nadal de parte do Club NATACION SARVAL ARTEIXO. As tarxetas levarán o nome completo do autor nun documento adxunto, no interior da mesma.

3.- Valorarase a orixinalidade, creatividade e o traballo aportado, así como a idade do participante e os recursos empregados.

4.-Xurado. Estará composto por sete persoas designadas por sorteo: un representante da xunta directiva, un adestrador, un pai, e un nadador de cada categoría: absoluta, infantil, alevín, e benxamin.

5.-**Prazo de entrega**. As tarxetas depositaranse no buzón do club antes do día 10 de decembro as 22.00h.

6.-**Premios**. O gañador recibirá un **agasallo**, un **pinto** de metacrilato e un **diploma** acreditativo da súa obra. Ademáis a tarxeta estará colgada na web: [www. natacionarteixo.com](http://www.natacionarteixo.com), onde poderá descargarse.

7.-**Formato**. A tarxeta será de cartulina tamaño cuartilla e de calqueira cor, debendoa adquirir o participante pola súa conta.

8.- O Club porá ao servizo dos participantes o logo do club, así como fotos a través da páxina web, para as tarxetas que concursen en formato informático (pdf.,ppt...).